



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE FEBREIRO DE 2020

### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/819/2019.- PROMOSAN GALICIA, S. L.-** Conceder licenza para construción de edificio de 8 vivendas e garaxe na parcela situada na rúa das Cancelas nº 58.

**LIC/944/2019.- SUSANA LISTE GARCIA.-** Conceder licenza para rehabilitación para vivenda tradicional situada no lugar de Correxíns, 27 B.

**LIC/2134/2019.- GUSTAVO ALBERTO CASTRO SAMBADE.-** Conceder licenza para a legalización dunha piscina de uso privado en vivenda unifamiliar illada situada na rúa da Curuxa nº 19.

**LIC/268/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS GARCIA PRIETO 39 –VOCES CEIBES, 41.-** Conceder licenza para executar obras de acondicionamento de vestíbulo I escaleiras dun edificio para instalar ascensor no edificio situado na rúa García Prieto, 39.

**LIC/1114/2019.- ALBERTO SOTO NICOLÁS.-** Conceder licenza para reforma de piso en edificio de vivendas situado na rúa da Acibechería nº 16 003.

**LAP/379/2019.- RAIOLA SAPM, SL.-** Conceder licenza para executar obras de reforma e reestruturación parcial de edificación para residencia da terceira idade sita na Avda. de Lugo, 87 – 89.

**1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para construción de edificio de 8 vivendas e garaxe na parcela situada na rúa das Cancelas nº 58. LIC/819/2019.** Concédese a licenza.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para rehabilitación para vivenda tradicional situada no lugar de Correxíns, 27 B. LIC/944/2019.** Concédese a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a legalización dunha piscina de uso privado en vivenda unifamiliar illada situada na rúa da Curuxa nº 19. LIC/2134/2019.** Concédese a licenza.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar obras de acondicionamento de vestíbulo e escaleiras para instalar ascensor no edificio situado na rúa García Prieto, 39. LIC/268/2019.** Concédese a licenza.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para reforma de piso en edificio de vivendas situado na rúa da Acibechería nº 16 003. LIC/1114/2019.** Concédese a licenza.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma e reestruturación parcial de edificación para residencia da terceira idade sita na Avda. de Lugo, 87 - 89. LAP/379/2019.** Concédese a licenza.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á devolución de aval depositado por SANTIAGO SUR GALICIA, S.L. como garantía provisoria e definitiva no alleamento do aproveitamento municipal no SUP-1. PTM/62/2016.** Acórdase a devolución dos avais depositados en garantía provisoria (76.260,57 €) e definitiva (127.126,44 €).

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudio de Detalle no ámbito das vivendas de San Ignacio de Loyola para a mellora da accesibilidade. PLA/44/2019.** Apróbase inicialmente o devandito estudo de detalle (o ámbito de actuación correspóndese coa parcela situada na marxe sur da avenida de Mestre Mateo) e o seu sometemento a información pública.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á recepción das obras de urbanización do Polig. 2 do SUP-2 Cornes e cesión a UFD das instalacións de enerxía eléctrica. XPL/22/2019.** Ratifícase a recepción polo Concello das obras executadas pola Xunta de Compensación, e cédese á empresa distribuidora as instalacións de subministración e distribución de enerxía eléctrica executadas na urbanización.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á sinatura do Convenio entre o Consorcio da cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela para a Redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Igrexa, Hospital Psiquiátrico e Mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos de contorno PE-1R. DAR/44/2018.** Apróbase o devandito convenio e autorízase ao alcalde a súa sinatura.

**11.- Proposta da Alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, anualidade 2020.** Apróbase a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención por importe de 373.568,76 euros para a contratación durante nove meses de 29 traballadores/as para os seguintes postos: técnico/a administrativo/a (3), administrativo/a (9), auxiliar administrativo/a (7), atención ao público (2), peón/a de obras (4) e peón/a de xardíns (4).

**12.- Proposta da Alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020.** Apróbase a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención por importe de 25.000 euros para a realización de accións de información, orientación e busca de emprego.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao depósito de fondos do Arquivo Municipal no Arquivo Histórico Universitario.** Apróbase o traslado e depósito ao Arquivo Universitario de diversa documentación anterior a 1961.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á creación da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.** Apróbase a creación da sede electrónica ([sede.santiagodecompostela.gal](http://sede.santiagodecompostela.gal)) e autorízase a creación dun certificado de sede electrónica que certifique o nome do dominio ante a autoridade de servizos de certificación que corresponda. Tamén se autoriza a realización das tarefas técnicas precisas para a súa implantación efectiva nos sistemas que dan soporte á devandita sede electrónica municipal, así como a renovación do seu certificado sempre e cando continúe vixente o nome do referido dominio.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á determinación de actuacións administrativas automatizadas do Concello de Santiago de Compostela.** Apróbanse as seguintes actuacións administrativas automatizadas: recibos acreditativos da recepción de documentos no rexistro electrónico e da recepción de documentos presentados no rexistro presencial; selado do proceso de dixitalización dos documentos papel presentados no rexistro presencial co obxecto de asegurar a súa interoperabilidade, conservación e lexibilidade; peche dos libros electrónicos do rexistro, emisión da comunicación informativa de información dos prazos do expediente e do senso do silencio administrativo; actos de trámite e administrativos sobre requirimento de corrección ou emenda de defectos; inclusión de copia electrónica auténtica de documentos en papel; proceso de selado de documentos electrónicos co obxecto de facilitar a súa interoperabilidade, conservación e lexibilidade; índice e foliado electrónico do expediente; comunicacións e notificacións electrónicas coa cidadanía e as empresas; certificados de residencia, convivencia, individual histórico, empadramento matrimonio, non débeda, parcelas de rústica, cobro dun recibo, entregas a conta SEP, pago SEP; carta de pago; asignación automática do número de Decreto e a súa inclusión no libro de resolucións, asignación automática do número de acta de XGL e a súa inclusión no libro e actas da XGL, asignación automática do número de acta do Pleno e a súa inclusión no libro de actas do Pleno; certificado automático de publicación nos taboleiros electrónicos; dilixencia automática de fin de exposición de publicación nos taboleiros electrónicos; oficio automático de remisión ou notificación electrónica;

dilixencia automática de notificación electrónica practicada; dilixencia automática de notificación electrónica rexeitada e acuse de subscrición a aplicación de notificación electrónica. Autorízase tamén a creación e uso dos certificados de selo electrónico denominados “Vicesecretaría do Concello de Santiago de Compostela” e “Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela”.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta das actuacións de emerxencia no campo de fútbol das Cancelas pola caída do peche perimetral.** Tómanse en coñecemento as devanditas actuacións e validase a actuación de emerxencia que realiza a empresa CESPAS, S.A, iniciada o 23 de xaneiro, para estabilizar, reparar e substituír o peche e muro perimetrais do campo de fútbol das Cancelas, e o orzamento das obras executadas, que ascende inicialmente á cantidade de 32.596,98 euros, IVE incluído.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento de terreo na rúa de Triacastela para aparcadoiro en superficie.** Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 295.306,34 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de catro meses. O proxecto contempla a creación de 39 prazas de estacionamento, dispostas en dobre liña de aparcamento en batería. Con carácter complementario (en combinación do proxecto de reurbanización da rúa dos Concheiros) créase un novo percorrido peonil que atravesa Concheiros e desemboca en Triacastela.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a empresa DECATHLÓN en materia de seguridade viaria.** Autorízase ao alcalde a sinatura deste convenio, que establece o marco de colaboración entre as partes para o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da seguridade viaria e a prevención de accidentes no relativo ao manexo e condución de bicicletas.

## **URXENCIAS**

**1.- Dar conta á Xunta de Goberno da resolución do conselleiro de Sanidade pola que se conceden as subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidas por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos.** Dáse conta da estimación da solicitude presentada polo Concello e da concesión dunha subvención por importe de 173.440 euros, a repartir en catro anualidades (2019-2022). O Concello achegará 97.560 euros.

**2.- Dar conta á Xunta de Goberno da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela. Ano 2019.** Dáse conta da asignación pola Xunta de Galicia dunha contía de 227.670,81 euros.

**3.- Proposta relativa ás prórrogas dos contratos administrativos do Servizo de Axuda no Fogar.** Apróbanse as prórrogas dos contratos subscritos coas empresas Servisar Servicios Sociales, SL e Eulen Servicios Sociosanitarios, SA, adxudicatarias con data 14-02-2018. As prórrogas terán efectos dende o 14-02-2020 ata que se adxudique o novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 10 meses e 16 días.

**4.- Proposta relativa á aceptación do Concello de Santiago de Compostela como membro no Padroado da Fundación Kaleidos. Red e designación dos seus representantes municipais.** Apróbase a aceptación como membro e désígnase como representantes municipais ao concelleiro de Centros Socioculturais, Obras e Barrios, J. Javier Fernández Martínez,; ao técnico responsable de Centros Socioculturais, Xuventude e Participación Cidadá, Enrique Vázquez Naveira; e á técnica Natalia Estévez Prieto.